



DECRETO

Asunto.- Aprobación convocatoria de axudas para asistencia a comedores escolares. Curso 2022-2023.

Expdte.- 2022/EGFAB/000146

I.- A LXS dispón no seu artigo 17.2 que *as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.*

II.- O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 17 de novembro do 2020, acordou a aprobación inicial da Ordenanza Reguladora das Bases de subvencións do Concello de Oleiros, que entrou en vigor o día 9 de febreiro de 2021.

O Título III da Ordenanza contén as Bases reguladoras para a concesión de subvencións para asistencia a comedores escolares.

O artigo 3 da Ordenanza dispón que *o Concello de Oleiros fará públicas as convocatorias necesarias para a concesión de subvencións que se realizarán mediante resolución da Alcaldía. Ao devandito efecto a convocatoria deberá fixar a contía total máxima destinada ás subvencións convocadas e poderá tomar forma de convocatoria aberta de conformidade co establecido no artigo 59 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. O procedemento para a concesión iniciarase de oficio mediante resolución de convocatoria que deberá prever o contido do artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

III.- En data 19/08/22 foi ditada Providencia pola Concelleira delegada de Educación, na que se ordea a incoación do procedemento de convocatoria de axudas para asistencia a comedores escolares, Curso 2022-2023.

IV.- Na mesma data formúlase proposta de convocatoria pola responsable da Unidade Xurídica, que foi informada favorablemente pola Intervención Municipal o 25/08/2022.

Á vista do exposto, en exercicio da facultade que teño atribuídas na Ordenanza Reguladora das Bases de subvencións do Concello de Oleiros,

RESOLVO:

Primeiro.- Autorizar un gasto de 53.000 euros para facer fronte á Convocatoria de axudas para asistencia a comedores escolares no curso 2022-2023. Este importe distribuirase do seguinte xeito:

- 2022: 21.200 euros
- 2023: 31.800 euros

Segundo.- Aprobar a seguinte CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ASISTENCIA A COMEDORES ESCOLARES



“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Oleiros leva varios anos contribuíndo economicamente á financiación do custo que supón para as familias oleirenses a contratación da prestación do servizo de comedor nas escolas onde este non se presta directamente por parte da Administración Autonómica e son as ANPAS as encargadas da súa xestión.

O obxectivo destas axudas é permitir que as familias con menos recursos económicos poidan ver facilitada a compatibilidade do horario escolar dos fillos co horario de traballo dos pais, a través do acceso aos comedores nas escolas, que permiten asegurar a adecuada atención e alimentación dos rapaces mentres os pais desenvolven a súa xornada laboral.

Artigo 1.- Obxecto da subvención

É obxecto desta convocatoria a concesión de axudas para mantenza en comedores escolares xestionados polas ANPAS de Centros Públicos de Ensino de Oleiros.

Esta axuda é incompatible con calquera outra procedente de entidade pública ou privada para a mesma finalidade.

Artigo 2.- Importe e aplicación orzamentaria

O importe máximo da convocatoria é de 53.000 euros, que se outorgarán con cargo á aplicación orzamentaria 82.3260.48900.

Artigo 3.- Contías individuais

1. contía exacta que se concederá a cada alumno determinarase en función da renda per cápita obtida pola familia do solicitante no ano anterior á convocatoria, do seguinte xeito:

RENDA PER CAPITA	CANTIDADE A CONCEDER
De 0 a 2.500 euros	700 €
De 2.500,01 a 5.000 euros	380 €
De 5.000,01 a 7.500 euros	260 €

2. En caso de que o beneficiario forme parte dunha familia numerosa o importe que lle correspondese segundo a renda incrementarase nun dez por cen se se trata dunha familia de categoría especial e nun cinco por cen se é de categoría xeral, circunstancia que deberá acreditar no momento da solicitude de axuda coa presentación do carné correspondente.
3. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal cuantía que, ailladamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.





Artigo 4.- Concorrenza competitiva

A adxudicación levarase a cabo en réxime de concorrenza competitiva.

No suposto de que o número de solicitantes que cumpren os requisitos determinase a insuficiencia do importe da convocatoria, serían rexeitadas as solicitudes correspondentes ás familias que acaden unha renda máis elevada.

Artigo 5.- Requisitos dos beneficiarios

1. As axudas poderán ser outorgadas aos/ás representantes legais de alumnado matriculado en ditos centros para o curso escolar, que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroados no Concello de Oleiros tanto os solicitantes como o/a alumno/a á data de comezo do curso escolar correspondente á convocatoria.
- b) Estar matriculado o menor para o curso escolar nun centro de ensino público sito no termo municipal de Oleiros e que conte con servizo de comedor xestionado pola ANPA.
- c) Ter obtido no ano anterior ao da convocatoria unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 7.500 €.

Enténdese por *renda per cápita familiar*, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables. A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda referido ao ano anterior ao da convocatoria, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os importes da base imponible xeral e da base imponible do aforro que consten na declaración.

A efectos da comprobación da Renda familiar, autorizarase o acceso aos datos tributarios que consten na AEAT de todos os membros computables da unidade familiar.

- d) Non estar incurso a persoa solicitante en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
 - e) Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, e coa Seguridade Social.
 - f) Non ser debedor da Facenda Municipal ningún dos membros computables da unidade familiar.
2. A ausencia dos requisitos sinalados nos parágrafos a), b) ou c) anteriores implicará a desestimación da solicitude. A ausencia dos sinalados nos parágrafos e) ou f) será subsanable antes da concesión, previo requerimento ao efecto.

Artigo 6.- Solicitudes

1. As solicitudes deberán presentarse ante o rexistro do Concello de Oleiros sito no Centro Cultural “A Fábrica” (Rúa do Inglés, 13 – 15172, Perillo), ou ben a través da Sede Electrónica, no formulario normalizado que se inclúe nesta convocatoria e que se publicará ao mesmo tempo que a convocatoria na páxina web municipal e na BDNS.



2. O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ao día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e rematará o 30 de setembro de 2022.
3. A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causa de inadmisión da solicitude.
4. Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:
 - Fotocopia do DNI ou NIE do solicitante.
 - Documento acreditativo da conta bancaria onde desexen recibir a axuda (certificado bancario, fotocopia compulsada de libreta de aforro/conta corrente), agás que tivera solicitado a axuda para o curso anterior e non houberse variación nos datos.
 - Documento en vigor acreditativo de familia numerosa, onde figuren todos os membros, de ser o caso.
5. A Administración poderá demandar dos solicitantes a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión da axuda.
6. O empadramento, a matrícula no centro e o estado das débedas coa Facenda Municipal comprobaranse de oficio. A presentación da solicitude de subvención implica a autorización ao Concello para comprobar de oficio ditos extremos, ou ben solicitar a oportuna información doutras entidades.
7. Se a solicitude non reúne todos os requisitos ou documentación necesarios, o órgano instrutor requirirá ó interesado para que emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Este requerimento efectuarase mediante a publicación dun anuncio no taboleiro de edictos do Centro Cultural “A Fábrica”, nos centros escolares e na páxina web do Concello.

Artigo 7.- Concesión

1. Unha vez rematado o prazo de solicitudes e enmendadas as eivas nas mesmas, serán avaliadas por unha Comisión de Valoración, que terá a composición seguinte:

Presidente: - A Concelleira delegada de ensino e xuventude

Suplentes (por este orde):

A Concelleira delegada de deportes.

A Concelleira delegada de cultura e normalización lingüística.

Vocais:

- O pedagogo municipal
- O coordinador de actividades educativas

Secretaría: Unha auxiliar administrativa da Unidade Xurídica.





O quorum necesario para a válida constitución da Comisión será de tres membros, sempre que entre eles se conten a presidente e a secretaria.

A Comisión de Valoración poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de axuda. A comisión emitirá un informe detallado da valoración que remitirá ao órgano instrutor.

2. O órgano instrutor será o Pedagogo Municipal.
3. Efectuada esta avaliación, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Oleiros, e no do Centro Cultural “A Fábrica”, e na páxina web do Concello, unha lista coas solicitudes admitidas, as que se propón denegar e por qué motivo, e as desestimadas sen máis trámite, concedéndose un prazo de 10 días para presentar alegacións. Dita relación publicarase unicamente co número do documento de identidade que os beneficiarios aportaran na súa solicitude.
4. Transcorrido dito prazo e examinadas as alegacións aducidas no seu caso polos interesados, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar os solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía.
5. As axudas serán concedidas por Resolución da Alcaldía.
6. O acordo deberá adoptarse no prazo de seis meses desde que rematara o prazo para a presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude.
7. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.
8. Toda alteración das condicións que fosen tidas en conta para a concesión da subvención, ou a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.
9. A resolución definitiva que se adopte será publicada do mesmo xeito sinalado no parágrafo 3. deste artigo. Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen no artigo 45.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
10. Cando se acredite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero mediante orde de protección, a publicación no taboleiro de anuncios será substituída pola notificación individual, cando así se solicite polas persoas interesadas, ou o Concello o considere oportuno por dito motivo, aínda que non fose solicitado expresamente.
11. De acordo co previsto no artigo 20.8.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non se efectuará a publicación dos datos dos beneficiarios na Base de Datos Nacional de Subvencións.



Artigo 8.-Obrigas dos beneficiarios

Os solicitantes deberán comunicar calquera alteración das circunstancias que deron lugar á concesión da axuda. Asemade, deberán facilitar canta información lle sexa requerida polo Concello de Oleiros en relación coa actividade subvencionada.

Artigo 9.- Xustificación e pagamento.

1. O pagamento efectuarase do seguinte xeito:
 - a) Ao rematar o primeiro trimestre poderase efectuar o pagamento da cantidade rateada que corresponda a dito período en función dos días reais de asistencia ao comedor. Para iso será necesaria a presentación dun certificado da ANPA no formulario que consta nesta convocatoria como "Modelo 1". En caso de existir débedas coa ANPA por parte dalgún beneficiario, incluírase no certificado a cantidade debida; neste suposto, procederase do xeito que se especifica no parágrafo c) deste artigo.
 - b) Despois de rematar o curso, aportarase o certificado da ANPA que se inclúe nesta convocatoria como "Modelo 2".
 - c) Deberá constar o efectivo pagamento da totalidade do importe debido á ANPA en concepto de comedor do alumno beneficiario. En caso contrario, non se procederá ao pagamento da axuda. Non obstante, o beneficiario poderá autorizar á ANPA a cobrar no seu nome o importe debido. De ser así, pagarase dita cantidade á ANPA e o importe restante da axuda, directamente ao beneficiario.
2. Reduciranse de oficio proporcionalmente as cantidades concedidas no suposto de que os alumnos subvencionados non asistan finalmente ao comedor ou asistan menos días dos previstos inicialmente.

Artigo 10.- Normativa reguladora.

A presente convocatoria rexerese polas normas establecidas na mesma e pola Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros, aprobada polo Concello Pleno o 17 de novembro do 2020; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que teñen carácter básico; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo, e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.





Terceiro.- A aprobación dos seguintes formularios:

FORMULARIO 1

“FORMULARIO DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA ASISTENCIA A COMEDOR ESCOLAR.

A.- DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO:
SEGUNDO APELIDO:.....
NOME:.....DNI
DOMICILIO FAMILIAR (rúa, nº, piso):
LOCALIDADE: CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:
Enderezo electrónico (e-mail).....

B.- DATOS DOS NENOS/AS PARA AS QUE SOLICITA A AXUDA

1.NOME E APELIDOS
PARENTESCO CO SOLICITANTE.....
CENTRO EDUCATIVO NO QUE REALIZA OS SEUS ESTUDOS.....
DATA DE NACEMENTO
DÍAS Á SEMANA DE ASISTENCIA AO COMEDOR
2. NOME E APELIDOS
PARENTESCO CO SOLICITANTE.....
CENTRO EDUCATIVO NO QUE REALIZA OS SEUS ESTUDOS.....
DATA DE NACEMENTO
DÍAS Á SEMANA DE ASISTENCIA AO COMEDOR

C.- DATOS FAMILIARES REFERIDOS AO ANO ANTERIOR (membros da unidade familiar)

NIF	APELIDOS E NOME	PARENTESCO	DATA DE NACEMENTO



D.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

O solicitante **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

1º.- Que se atopa incluído na situación de renda *per cápita* familiar que se indica a continuación (Sinalar tramo de Renda que corresponda):

RENDA PER CAPITA ANO ANTERIOR

- De 0 a 2.500 euros
- De 2.500,01 a 5.000 euros
- De 5.000,01 a 7.500 euros

2º.- Que non está incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvención previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que coñece e acepta as bases reguladoras da presente convocatoria.

3º.- Que todos os datos incorporados á presente solicitude axústanse á realidade, quedando enterado/a de que a inexactitude dos datos declarados dará lugar á denegación ou revogación da axuda.

4º.- Que non ten débedas pendentes de carácter tributario co Concello de Oleiros e que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5º.- Que ten coñecemento da incompatibilidade desta axuda con calquera outra procedente de entidade pública ou privada para a mesma finalidade, e que, en caso de obter algunha, comunicarao inmediatamente ao Concello de Oleiros.

_____, a _____ de _____ de 20__

Sinatura

E.- AUTORIZACIÓN DE ACCESO A DATOS TRIBUTARIOS, DE SEGURIDADE SOCIAL E DE PADRÓN.

As persoas abaixo asinantes, **AUTORIZAN** ao Concello de Oleiros:

- A solicitar información de carácter tributario referida ao exercicio anterior perante a Axencia Estatal da Administración Tributaria aos efectos da solicitude de axudas para a asistencia a comedores escolares.
- A solicitar información relativa ao dato de estar ao corrente o solicitante da axuda nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- Á comprobación de oficio do estado de débedas co Concello dos abaixo asinantes.
- O acceso ao Padrón municipal a efectos de contrastar os datos declarados na solicitude.





⇒ Este cadro deberá ser asinado por todos os membros da unidade familiar que obtiveran rendas no ano ao que se refire.

NOME COMPLETO	DNI	SINATURA

En caso de que se inclúa algún menor, deberá asinar o seu representante legal.

FORMULARIO 2

D/D^a _____, con DNI/NIE nº _____, solicitante de axuda para asistencia a comedor escolar durante o curso _____ en representación de _____, autorizo á ANPA _____:

- a comunicar ao Concello os datos dos que é responsable que sexan estritamente imprescindibles para a tramitación desta axuda, que son: días de asistencia ao comedor do/a alumno/a, existencia de débedas coa ANPA e o seu importe.
- a percibir no meu nome o importe da axuda que se me conceda, no caso de que teña contraída algunha débeda coa mesma en concepto de asistencia ao comedor durante o curso _____, ata a cantidade correspondente ao importe debido.

Asemade, autorizo ao Centro Escolar _____ a comunicar ao Concello os datos relativos á matrícula do/a meu representado/a _____, para dito curso escolar.

Sinatura,



PROTECCIÓN DE DATOS: Os datos aportados por vostede neste formulario serán utilizados exclusivamente para a tramitación da subvención solicitada. Advertímoslle que para dita tramitación é imprescindible o traslado dos seus datos persoais á entidade bancaria que vostede nos sinala, así como á Base de Datos Nacional de Subvencións, e a outras Administracións públicas en cumprimento de obrigas legais de información, de acordo coa normativa vixente.

Os datos serán almacenados durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigacións legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

É responsable dos datos o Concello de Oleiros, con enderezo en Praza de Galicia, 1, 15173 Oleiros, e teléfono 981 610 000; enderezo electrónico: alcaldía@oleiros.org

Pode exercitar os seus dereitos relativos á Protección de Datos mediante escrito dirixido a este Concello, xa sexa por vía electrónica ou presencialmente.

Poderá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, especialmente cando non obteña satisfacción no exercicio dos seus dereitos, mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou ben accedendo á súa sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.ésede-electronica-web/>

En caso de que na información facilitada figuren datos de terceiros, deberán facerlles partícipes desta información.

FORMULARIO 3

MODELO 1: XUSTIFICACIÓN DO PRIMEIRO TRIMESTRE A PRESENTAR POLA ANPA

D/D^a _____ en calidade de Secretario/a da ANPA _____, CERTIFICA:

1º.- Número total de días lectivos que prestará servizo o comedor escolar durante o curso _____ : _____ días

2º.- Número de días de comedor prestados no primeiro trimestre do curso: _____ días.

3º.- Os alumnos que se relacionan a continuación asistiron ao comedor escolar durante o primeiro trimestre do curso _____ o número de días que se especifica, e que a situación da súa débeda con esta ANPA é a que se sinala:

APELIDOS E NOME DO ALUMNO/A	Días de asistencia efectiva 1º trimestre	Ten débedas coa ANPA en concepto de comedor (SI/NON)	No seu caso, contía da débeda
-----------------------------	--	--	-------------------------------





O que se certifica, co visto e praxe do/a Presidente/a, a efectos da súa presentación ante o Concello de Oleiros para a tramitación do expediente de Axudas para asistencia a comedores escolares

Oleiros, a ____ de _____ de _____

O/A Secretario/a

Asdo. _____

Vº e Praxe

O/A Presidente/a

Asdo. _____





Cuarto.- Que se publique o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por conduto da BDNS, de acordo co prescrito pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

